

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 18 de xaneiro de dous mil vinte e catro ; as nove horas xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data
Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández ,
dona Yolanda Gómez Gómez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 9 de xaneiro de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIIDADÁNS.-

Escrito de dona Ainhoa Viñuela Don, con rexistro de entrada no concello número 341 de 15 de xaneiro de 2024, no que expón:

Para a creación dun proxecto persoal de danza contemporánea.

Solicita:

O salón de actos da Casa da Cultura un día á semana (sempre e cando esté libre).

A xunta de goberno acorda autorizar a dona Ainhoa Viñuela Don o uso do salón de actos da casa da Cultura un día a semana, sempre e cando non esté reservado para outra actividade, para realizar ensaios de danza.

Escrito de dona Ainhoa Viñuela Don, con rexistro de entrada no concello número 341 de 15 de xaneiro de 2024, no que expón:

Para a creación dun proxecto persoal de danza contemporánea.

Solicita:

O salón de actos da Casa da Cultura un día á semana (sempre e cando esté libre).

A xunta de goberno acorda autorizar a dona Ainhoa Viñuela Don o uso do salón de actos da casa da Cultura un día a semana, sempre e cando non esté reservado para outra actividade, para realizar ensaios de danza.

4.- Escritos oficiais.

5.- CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

Adxudicación de contrato de servizos

En relación ao expediente de contratación número 2024/2 do concello de Ribadavia relativo a CONTRATO DE SERVICIO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS SISTEMAS AQS E CALEFACCIÓN DO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL O CONSELLO E PAVILLÓN MUNICIPAL MAQUIANS.

Considerando que con rexistro de saída de data 11 de xaneiro de 2024 se formulou invitación a presentar oferta ás empresas Hydro Global SL, Aopil SL, e fontanería Sixto Osorio Montero.

Con rexistro de entrada no concello 2024-E-RE-28 Fontanería Sixto Osorio Montero presenta oferta polo importe de 4.540 euros e 953,40 euros de IVE.

Con rexistro de entrada de 12 de xaneiro de 2024 Hydro Global SL presenta oferta polo importe de 4545,46 euros e 954,54 euros de IVE.

Con rexistro de entrada de 12 de xaneiro Aopil sl presenta oferta polo importe de 4505 euros e 946,05 euros de IVE.

Considerando que a mellor oferta é a presentada pola empresa AOPIL SL.

A xunta de goberno local, por unanimidade, adxudica o contrato de servizo de mantemento integral dos sistemas AQS e calefacción do Centro deportivo municipal O Consello e pavillón municipal Maquians á empresa AOPIL SL polo importe de 4505 euro e 946,06 euros de IVE.

Adxudicación de contrato de servizos de elaboración de RPT

Vista a oferta de prestación de servizos de consultoria e asistencia técnica para o desenvolvemento dunha modificación da RPT do concello de Ribadavia, presentada por don Antonio María de la Cruz de la Rosa en representación de Estrategia y Organización SA con rexistro de entrada no concello 2024-E-RE-17 polo valor estimado de 4.875 euros, 1.029 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido, importe total 5.898,75 euros.

A xunta de goberno local, por unanimidade, acorda:

-Adxudicar o contrato de servizos de consultoria e asistencia técnica para o desenvolvemento dunha modificación da RPT do concello de Ribadavia a Estrategia y Organización SA polo valor estimado de 4.875 euros, 1.029 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido, importe total 5.898,75 euros.

ACORDO DE ADHESIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAL DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2024.-

Unha vez vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico vixente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

1º) Aprobar a adhesión do Concello de Ribadavia ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, con aceptación expresa do contido íntegro das ditas bases sen salvidade ou reserva ningunha.

2º) Solicitar a inclusión no Programa de investimentos do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, cunha achega provincial polo importe total de 73.840,4 € e unha achega municipal (exclusivamente para o cofinanciamento das actuacións incluídas no programa con achega provincial) polo importe total de 0 €, dos seguintes investimentos:

-Investimentos para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, se é o caso, a achega municipal -na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-)

Denominación da obra: Eliminación de colectores soterrados no Concello de Ribadavia

Orzamento: 45.350,80 euros.

Denominación da obra: Reposición de muro Camiño agrícola en Maquiáns.

Orzamento: 28.489,60 euros.

Investimentos para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).

Denominación da obra: Nova carpintería exterior no antigo matadoiro

Orzamento: 39.915,61 euros.

3º) Solicitar a inclusión no Programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, cunha achega provincial polo importe total de 110.610,60 € e unha achega municipal (exclusivamente para o cofinanciamento das actuacións incluídas no programa con achega provincial) polo importe total de 0 €, das seguintes actuacións:

- Gastos ou actuacións para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, de ser o caso, a achega municipal –na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-).

Denominación: Brigada de Obras (Salarios e Seguridade Social; 2 Peones de Obra; 2 Conductor/a de maquinaria).

Orzamento: 70.000 euros.

Denominación: Subministro de enerxía eléctrica.

Orzamento: 20.610,60 euros.

Denominación: Amortización de débeda.

Orzamento: 20.000 euros.

- Gastos ou actuacións para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).

Denominación: Escola Municipal de Teatro.

Orzamento: 18.000 euros.

4º) Asumir o compromiso firme de incluír nos orzamentos do concello, respecto das actuacións incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación provincial de Ourense para o exercicio 2024 con achega provincial, crédito dabondo para o financiamento da achega municipal comprometida.

5º) Aprobar a memoria descritiva dos investimentos e actuacións para incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, que se achega como anexo da presente acordo.

CESION DE DEREITOS DE COBRO

Vista a solicitude de Galcaevents S.L. relativo a de cesión de dereito de cobro de factura núm. GC 51, de data 31/12/2023 pola asistencia técnica no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento municipal realizados por importe de 5.647,60 euros, a prol da mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

Dado que a factura foi efectivamente presentada e rexistrada nesta Entidade local cos datos que na mesma sinálanse.

Que á citada solicitude acompáñalle a correspondente aceptación da cesión por parte da Mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

Visto que o artigo 200 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 establece que “Os contratistas poderán ceder o seu dereito de cobro fronte á Entidade local”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Tomar coñecemento da cesión do dereito de crédito de factura núm. GC 51, de fecha 31/12/2023 pola asistencia técnica no funcionamento, conservación e mantemento do aparcamento municipal realizados por importe de 5.647,60 euros, a prol da mercantil Empresas Unidas Printes S.L, con CIF B72730104.

2º.- Notificar o presente acordo o cedente, cesionario e os servicios de Intervención e Tesourería municipal.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as nove horas e vinte e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar a presidencia levanta a sesión.